



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO RAFAEL PUGA RAMÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2020-2021.

ANTECEDENTES

Por Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), regulouse a situación e o réxime económico dos centros non estatais procedentes da transformación das seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media co obxecto de unificar o tratamento xurídico económico destes centros adecuándoos á nova situación que se presentou como consecuencia da definitiva extinción das ensinanzas que deron orixe ás seccións filiais.

As seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media transformáronse en centros non estatais coa clasificación de homologados e, como tales, son obxecto dunha subvención do Estado para o desempeño das súas actividades nun réxime económico análogo ao dos institutos de ensino secundario.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén asignando unha subvención ao centro Rafael Puga Ramón en virtude do Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo. Este centro docente depende da Deputación Provincial da Coruña, órgano encargado da súa xestión.

RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

Cómpre manter para o curso escolar 2020-2021, mediante a formalización do presente convenio, a subvención que se vén outorgando ata a actualidade a este centro docente, co obxecto de cubrir o servizo público que presta aos alumnos escolarizados nel.

OBXECTIVOS PERSEGUIDOS

O obxectivo final que se pretende co presente convenio é o funcionamento do centro público Rafael Puga Ramón durante o próximo curso escolar 2020-2021.

Asinado dixitalmente por

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

